

O IV Concurso MentalizARTE pretende amosar de maneira positiva a saúde e a cultura galega a través da memoria de Castelao. Podes participar con fotografías ou relatos curtos, pero non te esquezas de ler as seguintes BASES:

CONTIDO DAS BASES

- 1) TEMÁTICA DO CONCURSO
- 2) PARTICIPANTES
- 3) PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OBRAS
- 4) ENTREGA DAS OBRAS
- 5) REQUISITOS:
- 6) ENTREGA:
- 7) PREMIOS
- 8) VALORACIÓN DAS OBRAS
- 9) ENTREGA DE PREMIOS

1) TEMÁTICA DO CONCURSO

O tema deste concurso será a Saúde e a Cultura Galega en torno ao Ano Castelao.

2) PARTICIPANTES

- Poderán participar todas as persoas, maiores de 12 anos, que así o desexen. No caso das/os menores de 18 anos, deberán traer asinada unha autorización paterna, que poderás descargar da nosa web.
- Os/as participantes responsabilízanse do cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de propiedade intelectual e do dereito á propia imaxe, declarando responsablemente que a difusión ou reprodución da obra no marco da promoción e información do presente concurso non lesionará ou prexudicará dereito algún da/o concursante nin de terceiras/os.
- A participación no concurso implica a aceptación por parte do/a autor/a da inclusión nos arquivos de Xaruma dos traballos enviados, permitindo a realización de exposicións a través da páxina web, en soporte papel ou soporte audiovisual; e que así mesmo, poderán ser empregados posteriormente por Xaruma citando ó/á autor/a das mesmas e sempre que sexa sen fins lucrativos.
- A organización presupón que o/a autor/a ten a autorización e/ou permiso das persoas que aparecen nos traballos presentados, recaendo sobre si mesmo/a toda responsabilidade relacionada co dereito á intimidade.

- As obras e/ou relatos deberán ser orixinais e inéditos e non estarán a espera do fallo de ningún xurado nin terán sido premiadas con anterioridade noutro concurso.
- Admitiranse un máximo de dúas obras por autor/a en cada modalidade.
- A participación neste concurso supón a aceptación da totalidade das bases do mesmo. As presentes bases do concurso poderán descargarse en www.xaruma.org.
- Todas as obras recibidas exponse mediante proxección pública.

3) PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OBRAS

- Admisión das obras para avaliación do xurado:
30 de xuño – 17 de novembro de 2016
- Exposición
28 de novembro - 31 de decembro de 2016

29 ENTREGA DAS OBRAS

Os traballos presentados que cumpran cos requisitos e se axusten ós obxectivos de participación do concurso, serán seleccionados para ser expostos na Asociación Xaruma en Sanjurjo Badía 79 (Centro Gárate), do 20 de novembro ata o 31 de decembro de 2016.

30 REQUISITOS:

- Para fotografías:
 - ✓ A resolución da imaxe deberá ser de ata 250 ppi, un tamaño de 3MB e en formato JPEG ou PNG.
 - ✓ Poderá ser presentada en color, branco e negro ou sepia.
 - ✓ Só se permitirán facer axustes de iluminación e contraste nas obras entregadas. Calquera outra modificación poderá ser motivo de descualificación da obra.
 - ✓ A temática das fotografías poderá afondar dúas opcións:
 1. Fotografía relacionada cun debuxo de Castelao.
 2. Fotografía relacionada coa Saúde.
- Para relatos curtos
 - ✓ Os relatos poderán estar en galego ou castelán.
 - ✓ As obras estarán mecanografadas cunha extensión máxima de 3 follas en letra Times New Roman número 12, cun interlineado de 1,5.

✓ A temática dos relatos poderá afondar dúas opcións:

1. Relato relacionado cun debuxo de Castelao.
2. Relato relacionado coa Saúde.

31 ENTREGA:

Os traballos serán recibidos na dirección de correo electrónico: **infoxaruma@gmail.com** (asunto correo: Mentaliz-arte) ou por correo postal ao **Apdo. de correos 3232, 36205 Vigo**.

No email enviado deberán aparecer os seguintes datos indicados:

- Seudónimo do/a autor/a.
- Título da obra, e unha breve descrición (só no caso das fotografías).
- Datos do/a autor/a: nome e apelidos, DNI, idade, teléfono, poboación e correo electrónico.

32 PREMIOS

Gañará o traballo que mellor plasme en cada categoría a saúde e/ou a cultura galega. Valorarase a orixinalidade, creatividade e calidade.

En cada categoría haberá un único premio, a escoller entre:

- Pase para dúas persoas para un circuíto termal nun balneario da provincia de Pontevedra, ou
- Circuíto multiaventura para 3 persoas na provincia de Pontevedra, ou
- Lote de libros e xogos relacionados coa saúde, acorde á idade indicada.

Independentemente do premio a escoller, entregarase tamén un lote de produtos artesanais realizado por usuarios e usuarias da entidade.

Entre todas as persoas participantes en cada modalidade **sortearase unha praza gratuíta** nun dos cursos ofertados pola entidade ou un ano gratuíta en todas as actividades infantís que oferta a entidade.

33 VALORACIÓN DAS OBRAS

A valoración das obras, para obter un/ha posterior gañador/a, levarase a cabo do seguinte xeito:

PRIMEIRA FASE DE VALORACIÓN: Colgaranse as obras na red social Facebook (@xaruma) e levaranse a valoración popular a través do número de “Me gustas” da foto ou relato. A obra máis votada en cada categoría contará cun punto extra na valoración final.

SEGUNDA FASE DE VALORACIÓN: Un xurado composto por cinco membros da Asociación Xaruma valorará os traballos e votará cun punto ás tres mellores en cada unha das modalidades. Unha vez realizada a suma dos puntos, a persoa con máis puntuación en cada categoría será a gañadora.

En caso de empate, haberá unha persoa do xurado que tan só votará en caso de coincidencias na puntuación superior.

En caso de que unha mesma persoa gañe nas dúas categorías, nunha delas, seleccionada ao azar, nomearase gañador/a á segunda persoa con máis puntuación.

Todas as obras que a organización considere que non se axustan ó obxectivo do concurso non entrarán na exposición/concurso.

34 ENTREGA DE PREMIOS

- As persoas premiadas serán anunciadas na páxina web www.xaruma.org e informaráselle persoalmente por correo electrónico e/ou teléfono.
- As persoas premiadas realizarán a recollida dos premios o 30 de decembro de 2016 na Asociación Xaruma en Sanjurjo Badía 79 (Centro Gárate). En caso de non poder asistir, deberán contactar coa entidade e poderá enviárselles o premio por correo postal/electrónico.